



## ELECCIÓN CONSELLO ESCOLAR 2022 CONVOCATORIA SECTOR PROFESORADO

En virtude da Resolución do 19 de setembro de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes (DOG 30/09/2022), a Xunta Electoral deste centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional Terceira no seu punto 1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26/01/1999), corresponde elixir no presente proceso electoral a **TRES profesoras/es**, dun total de SETE que debe ter o Consello Escolar.

2.- Son electores todo o profesorado con destino no centro e incluídos no censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido censo realizaranse por medio dun escrito razonado dirixido á Xunta Electoral, até as 13:00 horas do día 17 de novembro de 2021.

3.- É elixible o profesorado que formule a súa **candidatura oficial** segundo o modelo que se facilitará na secretaría do centro. As candidaturas **poderán ser presentadas até as 13:00 horas do 18 de novembro de 2022**.

4.- A **campaña electoral** comprenderá dende o **22 ao 27 de novembro de 2022, ambos días inclusive**. As dependencias e servizos do centro estarán a disposición das persoas candidatas, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES. Á véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

5.- O director do centro procederá a convocar un claustro extraordinario para dar lectura ás normas deste Regulamento no relativo ó procedemento de elección dos representantes dos profesores no Consello Escolar. Nesta sesión fixarase a data de celebración do Claustro de carácter extraordinario, que terá como único punto da orde do día a elección de representantes dos profesores



no Consello Escolar. Este **claustru extraordinario** terá lugar o día **15 de novembro ás 11:05 horas**.

6.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Para que así conste,

En Redondela, a 9 de novembro de 2022

José Antonio Martínez Domínguez  
PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL